

## **Carta de agradecemento**

Marina Apellido Apellido  
Avda. La Diagonal,10,1º  
15702 Santiago  
Tfo. 981777888  
E-mail: [marina@gmail.com](mailto:marina@gmail.com)

Dna. Rita Apellido Apellido  
Asociación de Empresarias da Estrada  
C/ Ramón Fermín ,12,Baixo  
36680 A Estrada

Santiago, 12 de novembro de 2009

Estimada Sra. Apellido:

Quero, en primeiro lugar, agradecerlle o tempo adicado durante a entrevista do pasado dia 8 de novembro e a información que me proporcionou sobre o posto de secretaria de dirección.

Os novos proxectos que queren poñer en marcha desde a súa Asociación de Empresarias resultáronme sumamente atractivos e reforzaron o meu interese en traballar con vostedes.

Como xa tiven oportunidade de comentarlle, creo estar capacitada para desenvolver o traballo requerido, dada a miña formación e a experiencia obtida a través dos distintos cursos que figuran no currículo e os anos traballados como secretaria do Centro Empresarial Nortedur en Santiago de Compostela.

Sería para min unha satisfacción incorporarme ó equipo que vostede dirixe e contribuir á consecución dos obxectivos que teñen actualmente marcados.

Sen outro particular, despídese atentamente

Marina Apellido Apellido